



A recuperación, a dignidade e o indixenismo

Camilo Camaño Xestido

Aló, onde o sabio é por natureza, afastado da xélica e sintética universidade convertida en fábrica de docencia manipulada e conscientemente dirixida, sobrevive a realidade cultural do primitivismo, a pesares da incesante agresión da “civilización”...

A modo de reflexión, comezo coa entronización dun catálogo, para unha exposición celebrada no Pazo da Deputación de Pontevedra, que baixo o título xenérico “SERIE NEGRA AFRO-AMERICANA”, no outubro de 1995, á sazón do Día da Raza, por medio de cuxa obra plástica quero mostrar: vivencias, costumes, cores, tradicións, crenzas, etc., doutras culturas, doutras razas, que loitan desesperadamente pola súa supervivencia.

Era intención, por medio da obra exposta, narrar vivencias persoais que tiña compartido en primeira persoa, con nativos de diferentes poboados da Amazonía brasileira, tamén da xerminal Cuba, onde se accredita o crecente rexurdimento de toda a maxia que envolve á cultura afro-cubana e afro-americana. Asemade é igualmente evidente, que esa resistencia contra toda maneira de imperialismo, ou a rotunda negativa a asumir á voraz colonización, sobre todo cultural, semella ser cuestión dunha sutil e pertinaz dignidade.

O indíxena, está a ser terriblemente aniquilado, despouído e, acantoad o amoreado en reservas (Novas Laranxeiras, Illa de Cutinga, Illa dos Valadares, etc.) semellando zoos, por simples intereses especulativos.

Noutras ocasións, o poderoso, tentao coa cidade, selva urbana e consumista, onde por suposto endexamais se integra, acabando nas brétemas da prostitución, drogas e morando na rúa como mendicante.

A pesares de tal sometemento e aldraxe, en gran medida, néganse a rachar coas máis antergas culturas e tradicións herdadas dos seus antepasados. Reivindican as liberdades, seguir valorando ó seu xeito, o tempo, a calidade de vida, a contemplación, o amor, o lecer, o culto, a espiritualidade, clamando a cotío, que estranos deixen de interferir nos seus valores.

Culturas asoballadas, que en contra das súas vontades foran obrigadas a mudar de latitudes, para servir de escravas, resístense a esmorecer. Fieis aos seus ancestrós, non renegaron endexamais das súas raíces, da súa cor e, dun derradeiro berro de esperanza, seguen no mantemento e recuperación da Macumba ou Yoruba, de Changó, Yemayá, Ochún, Eleguá, Obatalá, Lucumí, Mandinga, Congo, Carabali ...

Feita esta reflexión, cabe preguntarse se en realidade non levamos todos dentro un pouquín dese espírito indíxenista, cando menos os que nos identificamos co mundo rural e tradicional, que en definitiva foi xermolo da humanidade e humanizante. Os que hoxe en día seguimos a sentirnos nativos, polas circunstancias que concorreron nas nosas vidas e de xeito especial na nosa nenez, os que seguimos sentíndonos illados en terra, porque así nolo impusieron, sabemos da importancia que ten a recuperación da memoria, tamén queremos ser testemuña para as novas xeracións, respecto da transformación social. Esa ven a ser unha razón de peso para apoiar incondicionalmente todo o relativo á

recuperación antropolóxica e etnográfica. Seguramente un alto no decorrer cotián, servirános para coñecer mellor a nosa identidade, os nosos devanceiros, os nosos oficios que supuxeron o sustento de xeracións, a nosa cultura, tamen a nosa lingua.

Recuperar tradicións como a que a Aldea de Meiro ven de facer por medio da Festa do Millo Corvo, vai redundar no coñecemento da forma de vida das nosas xentes en tempos non lonxanos. Novas xeracións, van comprender de xeito más doado, o respecto dos nosos antepasados pola terra, a súa preocupación por todo o que puidese afectarlle directa ou indirectamente: clima, humidades, sazóns, prorratoeos, dereitos de paso, sendeiros, vieiros, servidumes, moendas, eiras, ansuelas ou valdios, etc., todo cumpría unha importante función que supería a más elemental subsistencia. Lamentablemente hoxe, a importancia do devandito, ten unha relación directa coa especulación, na contra do que supuxo antano. O chan, que se valoraba pola altura terra vexetal, posto que según ésta podía garantir a imprescindible colleita, na actualidade deixan de ter ese interese, sendo a súa valoración respecto do grao de especulación: emprazamento ou superficie edificable.

Gracias a todos e todas que seguirdes a crer na esperanza dun mundo menos inquisidor, onde os valores humanos estean por enriba dos meramente materiais e privativos, ou cando menos se compatibilicen. Gracias aos que sacrificades tempos de lecer e, como pretexto de recuperar o que xa esmoreceu, artellades actividades tan humildes e o tempo tan humanas e didácticas como a devandita Festa do Millo Corvo, a Festa do Muiño de Fausto, a Festa da Malla e tantas outras, que nos ensinarán a coñecernos un pouquín máis, tamén de onde procedemos, a Enriquecer as nosas identidades, a manter viva a lembranza, a memoria do que foi indispensable áinda que hoxe non veña a selo e, en definitiva a saber comparar e percibir tanta diferenza e indiferencia.

Coiro, primavera de 2006

